

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 14/12/2018 8:59:27

SAIDA 15939/18

Unión
Pobo

Sra. conselleira de Política Social
Edificio Administrativo San Caetano
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expedientes: G.6.Q/20699/18 a
G.6.Q/20705/18

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciáronse actuacións de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia dos retrasos das valoracións de discapacidade nas diferentes localidades.


A través de numerosas queixas coñecemos os importantes retrasos que sofren os solicitantes de primeiras valoracións ou revisións da súa discapacidade, en especial nalgunha localidade, como Pontevedra. Despois de confirmar os amplos retrasos formulamos diferentes recomendacións á consellería para que resolvera sobre cada caso tratado. Con carácter xeral tamén recomendamos que se executaran as medidas anunciadas para resolver os importantes retrasos e se comprobara que esas medidas tiveron efecto e corruxiron a situación ata facer cumprir os prazos.

A consellería adoptou diferentes medidas para mellorar o procedemento da valoración da discapacidade e reducir as listas de agarda. Aprobou o reforzo dos equipos de valoración e a creación de 14 novos (de 19 a 33), que xa funcionan; a mellora da xestión dos chamamentos (confirmación, recordatorio e substitución de citas); o recoñecemento do 33% de xeito automático as persoas ás cales a Seguridade Social lles teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou grande invalidez (recomendado pola nosa banda); a revisión do procedemento e simplificación da solicitude; o acceso e utilización da Historia Social Única Electrónica; e a prioridade das persoas con patoloxías graves (a lista está en revisión e actualízase con novas enfermidades).

Co anterior concretáronse medidas de previsible incidencia positiva na tramitación das solicitudes de valoración da discapacidade, o que trasladamos aos reclamantes. Porén, dado que nas respostas ás recomendacións en moitos casos non se sinalou a data previsible de valoración e tampouco a evolución das listas de agarda, agora, despois dun tempo prudencial dende a posta en marcha das medidas, faise preciso coñecer o estado actual das listas en cada localidade.

Polo exposto inicianse investigacións sumarias e informais para o esclarecemento dos feitos. En concreto requirimos dese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o estado das listas de agarda para valorar as discapacidades nas diferentes localidades (A Coruña (Q/20699/18), Ferrol (Q/20700/18), Santiago (Q/20701/18), Pontevedra (Q/20702/18), Vigo (Q/20703/18), Ourense (Q/20704/18) e Lugo (Q/20705/18)); sobre os tempos de espera actuais en cada unha delas, a mellora xa concretada e, no seu caso, as previsións de mellora dos tempos de agarda para o futuro; e sobre as demais circunstancias relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoa atentamente.


Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo